Sabido é da necesidade deste tipo de vivenda para o alugueiro nun momento no que a compra dunha vivenda propia se está a converter en privativa para a maioría da cidadanía galega, tanto polo incremento do valor das hipotecas, como pola mobilidade laboral e a dificultade de adaptación dos salarios á realidade diaria, motivada pola inflación xerada pola guerra de Ucraína.

O Plan de acceso a vivenda 2022-2025, ten, entre outros programas cofinanciados o de axudas ao alugueiro de vivenda, o incremento do parque público de vivenda (por certo o Goberno central mercou 98 vivendas para incrementar ese parque público, 43 a Sareb e 55 a entidades bancarias), e o da posta ao dispor da Xunta e dos concellos de vivendas libres para o alugueiro como vivenda alcanzable ou social.

No ano 2023, dentro do Plan de recuperación con fondos europeos, destínanse 29,23 millóns de € a Galicia para incrementar o parque de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente sostenibles.

Inda así, a pesares de todos estos posibles investimentos en construcción de vivendas públicas para o alugueiro, a Xunta convoca a través do IGVS, máis de 28 millóns de euros, dos que 16 millóns proceden de fondos europeos aos





que se engaden outras axudas procedentes do Plan estatal para o acceso a vivenda 2022/2025 cunha contía superior a 12 millóns de euros.

As políticas de vivenda, tanto de construcción para persoas vulnerables como de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, nos últimos 14 anos, indican un déficit na execución por parte da Xunta, a pesares do incremento orzamentario que se está a realizar polas distintas administracións, con fondos propios, estatais ou europeos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo todos os programas de construcción de vivendas públicas, nomeadamente o programa de construcción de vivendas en alugueiro social e edificios enerxeticamente eficientes, mediante os mecanismos necesarios e antes do 2026 para non ter que devolver fondos europeos deste programa.

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 23/05/2023 18:26:25

Patricia Otero Rodríguez na data 23/05/2023 18:26:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/05/2023 18:26:49



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

No Estatuto de autonomía de Galicia establecése a competencia exclusiva da comunidade Autónoma de Galicia en materia de Vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto a estas políticas activas o Goberno galego aprobou o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 no que unha das liñas estratéxica é a de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana. Tema este que xa recollía o anterior plan galego de rehabilitación (Rehavita), como un dos seus eixos más importantes.

A rehabilitación é un proceso polo que un edificio, unha vivenda ou un barrio repara as súas deficiencias a través de obras e actuacións co fin de mellorar a calidade de vida das persoas que habitan nas edificacións e residen nas zonas en cuestión.

Desde o ano 2018, o Goberno de Pedro Sánchez transferiu á Xunta de Galicia preto de 300 millóns de euros para actuacións en vivendas, edificios e barrios. Este compromiso orzamentario terá continuidade este ano e os vindeiros, co obxectivo de rehabilitar 25.000 vivendas en Galicia e construír 1.200 novas vivendas sociais.





No RD 853/2021 do 5 outubro o Goberno central aprobou axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Un dos programas é “Programa de rehabilitación para recuperación económica e social en contornas residenciais.” Ten como obxectivo reducir o consumo de enerxía primaria non renovable do 30 % e mitigar a demanda de calefacción e refrixeración nos fogares.

Galicia recibiu para este programa 67 millóns de euros en 2021 e 81 millóns de euros adicionais en 2022, financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia.

O obxectivo destas partidas é adaptar o parque de edificios e vivendas en Galicia aos retos en materia de sostibilidade. Para iso, os programas de axuda complétanse con medidas que melloren o acceso a financiamento, fiscalidade favorable e metas establecidas de renovación do parque edificatorio residencial.

O prazo de execución vence a finais do 2026, ano a partires do cal haberá que retornar as axudas non xustificadas ou xustificar que están en desenvolvemento e nun proxecto que se poida monitorizar para verificar a súa execución.

Dada a carencia de nova construcción de vivendas para o alugueiro social, a rehabilitación de vivendas estase a converter nunha das cuestións claves que debe afrontar Galicia, con programas específicos de rehabilitación executados con fondos propios, estatais ou europeos, programas que deberían axudar a aumentar o parque de vivendas alcanzables e facilitar o alugueiro.





Galicia é unha das comunidades con máis vivendas baleiras e pendentes de rehabilitación ou reforma, que poderían formar parte do deficitario parque público de vivenda para o alugueiro social.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a executar o Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornas residenciais por todos os mecanismos necesarios e antes de 2026 para non ter que devolver fondos europeos deste programa.

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 23/05/2023 18:48:22

Patricia Otero Rodríguez na data 23/05/2023 18:48:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/05/2023 18:48:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Carmen Aira Díaz, María González Albert e do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación de liñas de investigación de novas variedades para enfrentar a seca derivada do cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio climático afecta ao noso país dende hai anos sen que se tiveran tomado medidas a prol da adaptación do noso agro a esta nova circunstancia. Os expertos comunican que estamos ante un cambio de ciclo que propiciará secas cada vez más frecuentes que van afectar á nosa producción hortícola para consumo humano, á frutícola e tamén ao cultivo de forraxe para o gando. Todo isto vese agravado por un incremento das temperaturas máximas e mínimas e sucesos metereolóxicos consecutivos cada vez más acusados.

A falta de auga é prexudicial por moitos motivos, os vexetais vense afectados por enfermidades que reducen a súa producción en cantidade e calidade, incrementan o seu prezo nos mercados deixando pouca ganancia para as produtoras e dificultando o acceso á comida saudable para a poboación, provoca que estes vexetais deban recibir tratamentos fitosanitarios intensivos. Tamén prexudica aos solos deixándoos desprotegidos de modo que se perde capa vexetal produtiva mentres a seca os convierte en inertes e polo tanto improdutivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É imprescindible que se tomen medidas inmediatas que vaian máis alá de começar a sentarse para falar de que se vai facer.... o cambio climático que compatibiliza secas frecuentes con choivas torrenciais fóra das épocas en que tradicionalmente viña chovendo, está xa instaurado, e progresiona a máis velocidade da que os expertos pronosticaban.

É urgente tomar medidas xa para poder garantir o abastecemento alimentar no futuro e isto pasa por implicar a tódolos sectores do coñecemento relacionados coa investigación agraria para atopar novas variedades resistentes á sequía e ás enfermidades que esta provoca, como así mesmo abrir novas liñas de investigación que permitan un menor uso de fitosanitarios xa que cada vez están máis restrinxidos.

Tamén é urgente a investigación doutros modelos de cultivos dos que xa hai países que son pioneiros e permiten ter produción de verduras e hortalizas en situacóns climáticas extremas, ou tamén en aforro de auga.

E despois de isto o que procederá é achegar este coñecemento á poboación, polo que sería bo propoñer que nas escolas de formación Agraria con perfil hortícola e froitícola, Sergude ou Pedro Murias, por exemplo, que impartan módulos orientados a seca e que se traballe en campos de demostración, tanto con novas variedades como con modelos de manexo de rega e cultivo. Tamén se poden implementar outras medidas de asesoramento público que acheguen este coñecemento ás e aos produtores.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a que implique ao sistema investigador agrario e á universidade:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. No establecemento dunha liña de investigación en consumo de auga sostible e responsable.

2. Apertura de liñas de investigación xenética para atopar novas variedades hortícolas e frutícolas que se adapten á seca e se volvan máis resistentes ás enfermidades e pragas que leva aparelladas.

3. Acheitamento do novo coñecemento a través das escolas de formación agraria para as e aos xoves que se forman e de asesoramento público para os e as produtoras que xa se dedican á actividade agraria e gandeira.

En resumo, o goberno da Xunta dotará o orzamento necesario para implementar cantas liñas de investigación sexan necesarias para enfrentar as consecuencias da seca para as producións hortícolas e frutícolas.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 24/05/2023 09:47:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/05/2023 09:48:11

María González Albert na data 24/05/2023 09:48:22

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2023 09:48:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a través dos seus portavoces e da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

Exposición de motivos

A Federación Española de Diabetes (FEDE) vén de impulsar en colaboración coa Sociedade Española de Nefroloxía (SEN) e a Federación Nacional de Asociacións para a Loita contra as Enfermidades do Ril (ALCER) a campaña "Complicacións Renais e Diabetes", coa que se incide na importancia dunha abordaxe temperá da enfermidade renal crónica (ERC) e da diabetes mellitus tipo 2 (DM2).

As dúas afeccións crónicas citadas, de elevada prevalencia, representan un importante problema de saúde pública en Galicia. De feito, a DM2 adquiriu un carácter pandémico. E mentres que a prevalencia da diabetes en España estímase próxima ao 14% da poboación adulta, a ERC é un problema emerxente en todo o mundo. O estudo ENRICA, de 2018, estimou que aproximadamente o 15% da poboación adulta sufriría algún grao de ERC.

Poden parecer dúas patoloxías non interrelacionadas entre si; pero un dos maiores factores de risco do paciente con DM2 é a ERC; de feito estímase que un de cada tres pacientes con DM2 padecen ERC, e a progresión desta ERC asociada a DM2 relaciónnase cun importante aumento de episodios cardiovasculares, perda da esperanza de vida, así como un aumento drástico dos custos sanitarios.

Diante desta situación, os grupos parlamentarios instan ao Goberno galego a facer unha aposta decidida, real e efectiva, en permanente diálogo coas asociacións de pacientes e coas sociedades científicas relacionadas con ditas patoloxías, e que se traduce en diversas medidas de actuación, incluídas nesta proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Promover campañas de información e sensibilización sobre a vinculación entre as complicacións médicas asociadas á enfermidade renal crónica (ERC) e a diabetes mellitus tipo 2 (DM2), para lograr unha maior prevención primaria desta enfermidade.

2º.- Desenvolver unha abordaxe temperá e multidisciplinar do paciente con DM2 e ERC en fases iniciais da patoloxía, tratando de atrasar que progresen a estadios avanzados da enfermidade e acaben requirindo diálise e/ou transplante.



3º.- Impulsar plans específicos con dotación económica, por medio dos que protocolizar a realización das probas descritas nas guías clínicas de manexo da ERC.

4º.- Asegurar que se garante acceso a toda a innovación que permita o manexo adecuado dos pacientes con DM2 e ERC.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/05/2023 17:47:46

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2023 17:54:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/05/2023 18:06:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as actuacións do goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galiza diante da inxerencia ao autogoberno fiscal e ante o rexeitamento por parte do Tribunal Constitucional do recurso presentado polo goberno galego respecto da Lei 11/2021 no ámbito das herdanzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo trae canda si unha fragrante vulneración do dereito civil galego e do autogoberno do noso país.

Durante a tramitación foron moitas as voces que alertaron da tremenda confusión na que o goberno central estaba a incorrer e o propio Parlamento Galego pronunciouse maioritariamente, aínda que a diferenza de ocasións anteriores non de forma unánime, contra dita vulneración.

Así as cousas, en xuño de 2021 a Comisión Superior de Dereito Civil alertaba dos efectos dos cambios normativos. Na mesma liña, o pasado mes de xullo a Xunta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza avanzaba en sede parlamentar novamente, en palabras do entón Conselleiro de Facenda. Don Valeriano Martínez, que estaba a estudar as vías legais oportunas para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses de todos os galegos e galegas.

En setembro de 2021 coñecíase pola prensa que o goberno central, a través do Ministerio de Política Territorial accedía a iniciar negociacións coa Xunta de Galiza para resolver as discrepancias existentes.

En novembro de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza o acordo da Comisión Bilateral, punto de partida para a creación dun grupo de traballo.

Con independencia das fondas discrepancias que este Grupo Parlamentario ten co Grupo de goberno e coa política fiscal da Xunta de Galiza respecto da imposición no ámbito das transmisións e do patrimonio, resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias, sexa unha práctica de evasión fiscal. Trátase dun debate diferenciado e é evidente que, de manterse o texto actual, malia a lixeira mellora producida durante a súa tramitación, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas, máis ainda nun momento de crise económica onde o uso dos bens que posúen as familias para saír adiante é máis do que esperábel.

No acordo tomado o 24 de xuño de 2021 incluíase un punto terceiro no que se dicía “no caso de que sexa aprobada esta norma sen a supresión do citado artigo, empregue todas as ferramentas e recursos xurídicos ao seu alcance para defender a autonomía financeira, as competencias da Comunidade Autónoma e a defensa dos intereses dos galegos e das galegas”. Nesta liña, a Xunta presentaba finalmente un recurso ante o Tribunal Constitucional que este admitía en maio de 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 24 de maio de 2023 coñecíase pola prensa que o Tribunal Constitucional rexeitaba o recurso do goberno galego, con dous votos particulares. A esta situación súmanse outras inxerencias en materia fiscal que deixan un escenario nada satisfactorio para o respecto dos ámbitos de decisión galegos.

É preciso coñecer a valoración do goberno galego e valorar convolutamente, desde unha perspectiva de país, este novo escenario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno central a celebración dunha comisión bilateral para abordar as inxerencias no dereito civil galego así como nas competencias en materia fiscal a través de múltiples reformas lexislativas de cara a buscar unha solución dialogada para restituír o respecto do dereito civil propio, das competencias propias e do autogoberno económico.”

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/05/2023 13:32:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/05/2023 13:33:15

Daniel Pérez López na data 25/05/2023 13:33:32

Ana Pontón Mondelo na data 25/05/2023 13:33:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Castro García e Daniel Pérez López** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández e Carmen Aira Díaz**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o poder adquisitivo dos salarios do Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo, que inclúe tamén o comercio metal, rematou o período da súa vixencia o pasado 31 de decembro do ano 2021.

Na actualidade estase desenvolvendo o proceso de negociación entre as partes, mais a negativa da patronal a aceptar establecer no convenio unha cláusula de revisión salarial que garanta a actualización dos salarios conforme ao IPC real ten desembocado nun conflito social que xa acumula varias xornadas de folga.

O certo é que última suba salarial do sector afectado pola aplicación deste convenio foi de 2,5% no ano 2021, cando o IPC chegou no estado español ao 6,5% e na Galiza ao 6,7%, e que ao ano seguinte, xa sen suba de ningún tipo, o IPC chegou ao 5,7% e máis ao 6,4% respectivamente, e no presente ano o IPC acumulado até abril está no 1,7% e máis no 1,5%, tamén respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar que desde o ano 2021 o IPC acumulado é de 14,6 puntos aquí na Galiza, mentres que neste período os salarios do persoal das industrias da siderometalurxia de Lugo viron incrementados os salarios en 2,5%, é dicir, levan acumulada unha perda de poder adquisitivo de 12,1 puntos en menos de dous anos e medio.

A representación sindical do persoal do sector, dos tres sindicatos maioritarios na Galiza, manifestan con rotundidade que a situación é insostíbel para uns salarios xa moi baixos, de feito más baixos que os dos convenios do mesmo sector das outras provincias galegas, e chaman a atención sobre o impacto social e económico para toda a provincia en xeral dos salarios dun colectivo que estiman pode chegar ás 5.000 persoas.

Desde o BNG consideramos de vital importancia que o goberno galego se implique activamente para evitar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, garantindo un poder de compra fundamental para sostener a economía en xeral e nomeadamente a economía da hostelería e do comercio local, sempre os sectores más afectados pola redución do gasto das familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a promover as accións necesarias para conseguir que as partes cheguen a un acordo que garanta o poder adquisitivo dos salarios do persoal afectado polo Convenio colectivo das Industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/05/2023 16:42:26

María del Carmen Aira Díaz na data 25/05/2023 16:42:32

Daniel Pérez López na data 25/05/2023 16:42:45

Daniel Castro García na data 25/05/2023 16:42:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/05/2023 16:43:04





A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

O pasado 21 de febreiro a Comisión Europea presentaba un paquete de 4 comunicacóns en materia de pesca:

- 1.- Un plan de acción para a conservación dos recursos pesqueiros.
- 2.- Informes de funcionamento sobre a Política Pesqueira Común.
- 3.- Informes sobre a Organización Común de Mercados.
- 4.- Comunicación sobre a descarbonización do sector.

No relativo ao plan de acción este resulta decepcionante, xa que non realiza un enfoque equilibrado entre a política pesqueira e medioambiental, xa que non ten en conta a dimensión socioeconómica da pesca. Introduce ademais actuacóns para limitar e prohibir a pesca de arrastre de fondo en áreas mariñas protexidas de forma xenérica, sen considerar que non todas as artes de fondo teñen o mesmo impacto.

Polo tanto, resulta imprescindible realizar, antes de adoptar novas medidas por parte da CE, un traballo científico sólido e actualizado que considere os puntos de vista biolóxico, económico e social. A CE debe definir un enfoque estratéxico e socioeconómico antes de acometer novas medidas que afecten á pesca.

Con esta nova ofensiva da CE contra a pesca de arrastre, de levarse adiante, tamén suporá afectar, limitar e prohibir outras artes como xa ten acontecido co palangre de fondo por exemplo. Bruxelas insta aos Estados Membros a presentar medidas antes de marzo do ano 2024 para eliminar a pesca do arrastre do 20 % das áreas mariñas protexidas para en 2030 expulsala de todas.

Existe amplio consenso entre as administracóns e o sector para esixirlle á CE que non aplique vedas ás artes de fondo baseadas nun único informe. Piden que retire a súa intención de ampliar de 87 a 102 ou 115 as vedas ás artes de fondo fundamentándose nun informe feito a partir da pegada do arrastre e o propio sector considera que este informe científico, da pegada do arrastre, non é o axeitado para tomar decisiones sobre todas as artes fixas, solicitando a Bruxelas un documento específico para cada unha delas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

1. O Parlamento de Galicia amosa a súa disconformidade coa proposta da CE sobre un plan de acción para a conservación dos recursos pesqueiros, que introduce actuacións para limitar e prohibir a pesca de arrastre de fondo en áreas mariñas protexidas de forma xenérica, sen considerar que non todas as artes de fondo teñen o mesmo impacto.
2. O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia para que xunto co Goberno de España, esixan á CE a que rectifique e desista da súa intención de ampliar a 102 ou 115 (segundo o escenario) as vedas ás artes de fondo, e que previamente a propoñer un novo regulamento realice un traballo científico sólido, rigoroso e actualizado que considere os puntos de vista biolóxico, económico e social da pesca para que permitan adoptar unha decisión con garantías ante un tema de vital transcendencia para o sector pesqueiro galego.

Parlamento de Galicia, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/05/2023 17:02:51

Julio Torrado Quintela na data 25/05/2023 17:03:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/05/2023 17:03:18





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Adrián Pardo López, Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e María Felisa Rodríguez Carrera ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

Exposición de Motivos:

O 14 de setembro de 2022, a policía da moral islámica iraniana (oficialmente Patrulla de Guía) detiña e torturaba á moza Mahsa Amini.

O desenlace das devanditas torturas provocoulle a morte cerebral, para falecer dous días despois, o 16 de setembro.

A policía represiva iraniana torturonua e asasinouna aludindo a que a moza de 22 anos non levaba un hiyab adecuado.

Este brutal asasinato por parte da ditadura teócrata iraniana foi a pinga que colmou o vaso nunha sociedade que leva vivindo baixo o xugo da represión e a falta de liberdade e de dereitos desde 1979.

Ao longo destas décadas producironse distintas revoltas ante a ditadura dos aiatolás, pero ningunha alcanzou a magnitude que provocou a morte de Mahsa Amini.

As protestas teñen o seu principal foco na cidade de Saqez, onde residía a nova e a inscrición da súa lápida converteuse no primeiro slogan da protesta: "Amada Mahsa, non morrerás. O teu nome converterase nun símbolo".





Durante os días seguintes, prodúcense as primeiras manifestacións onde as mulleres desposúense dos seus velos, ondeándoos no aire, e entoan o berro: "Muller, vida, liberdade", que se converte no principal berro da nova revolución iraniana.

Estas manifestacións cada vez fanse más multitudinarias, congregando a persoas de todos os sexos, orixes e idades.

Un levantamento da poboación iraniana contra os seus represores que se converte no maior levantamento desde que se proclamou a República Islámica en 1979 e cada semana que pasa, as manifestacións gañan más intensidade extendéndose tamén a universidades.

As mulleres iranianas, principais impulsoras da manifestación fóreronse desprendendo dos hiyabs e do medo que lles impuxo ao longo de todas estas décadas o réxime dos aiatolás.

A ditadura tratou de evitar estas manifestacións con máis represión e tratando de que os manifestantes non se coordinasen cortando os servizos de internet e de telefonía móvil.

A represión cada vez é más brutal, e organizacións de dereitos humanos calculan en case 14 mil as detencións masivas de asistentes as protestas e en máis de 400 os mortos a mans das forzas represoras do réxime iraní.

A ditadura iraní non é capaz de silenciar estas protestas, cada vez más visibles dentro das fronteiras da república islámica como no exterior por medio de reivindicacións de deportistas como a escaladora iraní Elnar Rekabi que escalou sen velo en Seúl ou a negativa dos futbolistas da selección nacional a cantar o himno no mundial de fútbol de Catar.

Estas accións provocáronlle represalias aos propios deportistas como as súas familias, de feito, a propia escaladora Rekabi ao chegar a Teherán a someteron a arresto domiciliario.





A brutal represión vese reflectida nas condeas a forca de numerosos manifestantes e personalidades iranís que secundaron o movemento, como pode ser o caso de Majidreza Rahnavard ou de Mohsen Shekari de tan só 23 anos.

Organizacións como Amnistia Internacional calculan que outras 20 persoas foron condeadas a morte por participar ou apoiar a revolución contra o réxime dos aiatolás, entre elas podería estar a do futbolista Amir Nasr-Azadani.

A revolución pola liberdade en Irán é un exemplo para as sociedades do mundo libre, e por iso a revista Time adicoulles as mulleres iranís que loitan pola liberdade a portada como *Heroínas do ano 2022*.

Todos os que gozamos de vivir en liberdade temos que facer nosas as reivindicacións dos manifestantes iranís reclamando o fin dun réxime brutal; por iso, temos que facer noso o seu berro: “Muller, vida e liberdade”.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan a seguinte **proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución:

1. Expresar a nosa firme condea da morte de Mahsa Amini como consecuencia da represión do réxime iraní o que desencadeou a onda de protestas por todo Irán contra a ditadura dos aiatolás.
2. Expresar a nosa firme condea das mortes por forca de Majidreza Rahnavard e de Mohsen Shekari por participar nas mobilizacións, así como das 400 mortes pola mesma causa que denuncian as organizacións internacionais de dereitos humáns.





3. Expressar o noso profundo rexeitamento á represión e a todas as represalias que está a cometer o rexime iraní contra os manifestantes.
4. Amosar o noso compromiso coa defensa da liberdade e dos dereitos humanos en Irán e facer noso o seu berro: "Muller, vida e liberdade".

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 25/05/2023 17:09:32

Paula Prado del Río na data 25/05/2023 17:10:14

José Manuel Rey Varela na data 25/05/2023 17:10:18

María Sol Díaz Mouteira na data 25/05/2023 17:11:03

Ana Belén García Vidal na data 25/05/2023 17:11:12

José Alberto Pazos Couñago na data 25/05/2023 17:11:42

Noelia Pérez López na data 25/05/2023 17:11:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/05/2023 17:12:36



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita a retirada da Proposición non de lei para debate en Pleno, número de rexistro **50330** (**11/PNP-004150**).

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2023 12:20:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre a creación de liñas de investigación de novas variedades para enfrentar a seca derivada do cambio climático.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio climático afecta ao noso país dende hai anos sen que se tiveran tomado medidas a prol da adaptación do noso agro a esta nova circunstancia. Os expertos comunican que estamos ante un cambio de ciclo que propiciaría secas cada vez más frecuentes que van afectar á nosa producción hortícola para consumo humano, á frutícola e tamén ao cultivo de forraxe para o gando. Todo isto vese agravado por un incremento das temperaturas máximas e mínimas e sucesos metereolóxicos consecutivos cada vez más acusados.

A falta de auga é prexudicial por moitos motivos, os vexetais vense afectados por enfermidades que reducen a súa producción en cantidade e calidade, incrementan o seu prezo nos mercados deixando pouca ganancia para as produtoras e dificultando o acceso á comida saudable para a poboación, provoca que estes vexetais deban recibir





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamentos fitosanitarios intensivos. Tamén prexudica aos solos deixándoos desprotegidos de modo que se perde capa vexetal produtiva mentres a seca os convierte en inertes e polo tanto improdutivos.

É imprescindible que se tomen medidas inmediatas que vaian máis alá de comezar a sentarse para falar de que se vai facer.... o cambio climático que compatibiliza secas frecuentes con choivas torrenciais fóra das épocas en que tradicionalmente viña chovendo, está xa instaurado, e progresiona a máis velocidade da que os expertos pronosticaban.

É urxente tomar medidas xa para poder garantir o abastecemento alimentar no futuro e isto pasa por implicar a tódolos sectores do coñecemento relacionados coa investigación agraria para atopar novas variedades resistentes á sequía e ás enfermidades que esta provoca, como así mesmo abrir novas liñas de investigación que permitan un menor uso de fitosanitarios xa que cada vez están máis restrinxidos.

Tamén é urxente a investigación doutros modelos de cultivos dos que xa hai países que son pioneiros e permiten ter produción de verduras e hortalizas en situacóns climáticas extremas, ou tamén en aforro de auga.

E despois de isto o que procederá é achegar este coñecemento á poboación, polo que sería bo propoñer que nas escolas de formación Agraria con perfil hortícola e froitícola, Sergude ou Pedro Murias, por exemplo, que impartan módulos orientados a seca e que se traballe en campos de demostración, tanto con novas variedades como con modelos de manexo de rega e cultivo. Tamén se poden implementar outras medidas de asesoramento público que acheguen este coñecemento ás e aos produtores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a que implique ao sistema investigador agrario e á universidade:

1. No establecemento dunha liña de investigación en consumo de auga sostible e responsable.

2. Apertura de liñas de investigación xenética para atopar novas variedades hortícolas e frutícolas que se adapten á seca e se volvan máis resistentes ás enfermidades e pragas que leva aparelladas.

3. Achegamento do novo coñecemento a través das escolas de formación agraria para as e aos xoves que se forman e de asesoramento público para os e as produtoras que xa se dedican á actividade agraria e gandeira.

En resumo, o goberno da Xunta dotará o orzamento necesario para implementar cuntas liñas de investigación sexan necesarias para enfrentar as consecuencias da seca para as producións hortícolas e frutícolas.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 24/05/2023 09:57:43

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/05/2023 09:57:53

María González Albert na data 24/05/2023 09:58:03

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2023 09:58:13



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Adrián Pardo López, Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e María Felisa Rodríguez Carrera ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos:

O 14 de setembro de 2022, a policía da moral islámica iraniana (oficialmente Patrulla de Guía) detiña e torturaba á moza Mahsa Amini.

O desenlace das devanditas torturas provocoulle a morte cerebral, para falecer dous días despois, o 16 de setembro.

A policía represiva iraniana torturonua e asasinouna aludindo a que a moza de 22 anos non levaba un hiyab adecuado.

Este brutal asasinato por parte da ditadura teócrata iraniana foi a pinga que colmou o vaso nunha sociedade que leva vivindo baixo o xugo da represión e a falta de liberdade e de dereitos desde 1979.

Ao longo destas décadas producíronse distintas revoltas ante a ditadura dos aiatolás, pero ningunha alcanzou a magnitud que provocou a morte de Mahsa Amini.

As protestas teñen o seu principal foco na cidade de Saqbez, onde residía a nova e a inscrición da súa lápida converteuse no primeiro slogan da protesta: "Amada Mahsa, non morrerás. O teu nome converterase nun símbolo".





Durante os días seguintes, prodúcense as primeiras manifestacións onde as mulleres desposúense dos seus velos, ondeándoos no aire, e entoan o berro: "Muller, vida, liberdade", que se converte no principal berro da nova revolución iraniana.

Estas manifestacións cada vez fanse más multitudinarias, congregando a persoas de todos os sexos, orixes e idades.

Un levantamento da poboación iraniana contra os seus represores que se converte no maior levantamento desde que se proclamou a República Islámica en 1979 e cada semana que pasa, as manifestacións gañan más intensidade extendéndose tamén a universidades.

As mulleres iranianas, principais impulsoras da manifestación fóreronse desprendendo dos hiyabs e do medo que lles impuxo ao longo de todas estas décadas o réxime dos aiatolás.

A ditadura tratou de evitar estas manifestacións con máis represión e tratando de que os manifestantes non se coordinasen cortando os servizos de internet e de telefonía móvil.

A represión cada vez é más brutal, e organizacións de dereitos humanos calculan en case 14 mil as detencións masivas de asistentes as protestas e en máis de 400 os mortos a mans das forzas represoras do réxime iraní.

A ditadura iraní non é capaz de silenciar estas protestas, cada vez más visibles dentro das fronteiras da república islámica como no exterior por medio de reivindicacións de deportistas como a escaladora iraní Elnar Rekabi que escalou sen velo en Seúl ou a negativa dos futbolistas da selección nacional a cantar o himno no mundial de fútbol de Catar.

Estas accións provocáronlle represalias aos propios deportistas como as súas familias, de feito, a propia escaladora Rekabi ao chegar a Teherán a someteron a arresto domiciliario.





A brutal represión vese reflectida nas condeas a forca de numerosos manifestantes e personalidades iranís que secundaron o movemento, como pode ser o caso de Majidreza Rahnavard ou de Mohsen Shekari de tan só 23 anos.

Organizacións como Amnistia Internacional calculan que outras 20 persoas foron condeadas a morte por participar ou apoiar a revolución contra o réxime dos aiatolás, entre elas podería estar a do futbolista Amir Nasr-Azadani.

A revolución pola liberdade en Irán é un exemplo para as sociedades do mundo libre, e por iso a revista Time adicoulles as mulleres iranís que loitan pola liberdade a portada como *Heroínas do ano 2022*.

Todos os que gozamos de vivir en liberdade temos que facer nosas as reivindicacións dos manifestantes iranís reclamando o fin dun réxime brutal; por iso, temos que facer noso o seu berro: “Muller, vida e liberdade”.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulañan a seguinte **proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución:

1. Expresar a nosa firme condea da morte de Mahsa Amini como consecuencia da represión do réxime iraní o que desencadeou a onda de protestas por todo Irán contra a ditadura dos aiatolás.
2. Expresar a nosa firme condea das mortes por forca de Majidreza Rahnavard e de Mohsen Shekari por participar nas mobilizacións, así como das 400 mortes pola mesma causa que denuncian as organizacións internacionais de dereitos humáns.





3. Expressar o noso profundo rexeitamento á represión e a todas as represalias que está a cometer o rexime iraní contra os manifestantes.
4. Amosar o noso compromiso coa defensa da liberdade e dos dereitos humanos en Irán e facer noso o seu berro: "Muller, vida e liberdade".

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 25/05/2023 17:09:53

Paula Prado del Río na data 25/05/2023 17:10:01

José Manuel Rey Varela na data 25/05/2023 17:10:29

María Sol Díaz Mouteira na data 25/05/2023 17:10:37

Ana Belén García Vidal na data 25/05/2023 17:11:26

José Alberto Pazos Couñago na data 25/05/2023 17:11:31

Noelia Pérez López na data 25/05/2023 17:12:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/05/2023 17:12:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4^a**, sobre os compromisos concretos que debe asumir a Xunta de Galiza para o impulso da escola infantil de Chapela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade do ensino de Chapela, en Redondela, está afectada por dous grandes problemas: o impacto das grandes infraestruturas que atravesan a parroquia e o desleixo e falta de investimento da Xunta.

Foron xa obxecto de diversas iniciativas deste grupo parlamentario a situación que se vive no instituto de Chapela, onde o ruído das infraestruturas viarias supera todos os límites establecidos, sen que a Consellería de Educación busque solucións. Coñecido tamén foi o impacto que esa mesma infraestrutura tivo no Colexio Igrexa e a falta de planificación e axilidade das Administracións no traslado do centro. No caso do ensino infantil público para nenos e nenas de entre 0 e 3 anos, o problema fundamental é que directamente non existe. Por tanto, fica claro que existe un maltrato xeral por parte da Xunta ao ensino público de Chapela e, de forma especial, no ensino infantil público.

Cómpre resaltar a importancia que ten Chapela no territorio no que se inscribe, xa que pola súa distancia ao respecto do núcleo de Redondela e polo feito de constituír un continuo urbano con Vigo, ten unha poboación potencial de demanda duns 10.000 habitantes. Para alén da xustificación da necesidade deste equipamento, xa de seu, polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peso poboacional de Chapela, cómpre recordar a péssima situación na que se atopa a rede de escolas infantís da Xunta de Galiza, cun déficit estrutural de prazas que afecta a todo país, pero de forma especial á comarca de Vigo.

Dada a importancia deste servizo para a conciliación laboral e a escaseza de oferta pública, os veciños e veciñas da zona reclaman que dunha vez por todas se poña en marcha un servizo de ensino infantil público, en galego de 0 a 3 anos neste entorno. Un equipamento que deberá contar con, aló menos, 60 prazas e no que se inclúa comedor, sala de estimulación e de psicomotricidade.

A demandada escola infantil de Chapela debía emprazarse sobre os terreos da coñecida como Finca Ginaria, que conta cuns 40.000 metros cadrados. A pesar de que o concello chegou a dispor dunha partida dun millón de euros para adquirir estes terreos e adicalo a fins dotacionais, finalmente rematou en mans da SAREB.

Posteriormente os terreos foron adquiridos por AUDASA para a construcción do novo colexio Igrexa, xa mencionado anteriormente. Porén a escola infantil quedou no esquecemento, até que no ano 2019, ano electoral, a Xunta de Galiza recollía unha partida nos seus orzamentos por un importe de 400.000€ para a primeira fase de construcción deste equipamento.

Nada se soubo da execución deses 400.000€ e, pasadas as eleccións, a partida anunciada volvے gardarse nun caixón. Agora, catro anos despois, novamente en período electoral a Conselleira de Política Social acude a Chapela a facer campaña anunciando unha escola infantil que ela mesma bloqueou e para a que non hai partida orzamentaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A educación de Chapela merece compromisos concretos e serios e non a utilización electoral e o desleixo que practica a Xunta de Galiza. Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

- Iniciar os trámites pertinentes para a construcción e posta en marcha da Escola Infantil de Chapela.
- Comprometerse a incluír unha partida nos orzamentos de 2024 que cubra a totalidade dos gastos para a edificación da Escola Infantil de Chapela.
- Iniciar o funcionamento desta escola infantil para o curso 2025-2026.”

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 22/05/2023 09:34:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/05/2023 09:35:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

E despois de isto o que procederá é achegar este coñecemento á poboación, polo que sería bo proponer que nas escolas de formación Agraria con perfil hortícola e froitícola, Sergude ou Pedro Murias, por exemplo, que impartan módulos orientados a seca e que se traballe en campos de demostración, tanto con novas variedades como con modelos de manexo de rega e cultivo. Tamén se poden implementar outras medidas de asesoramento público que acheguen este coñecemento ás e ós produtores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

-Vai o goberno da Xunta afrontar o asunto da seca de xeito urxente, co fin de acadar pronto resultados que permitan cultivos hortícolas para consumo humano en condicións de falta de precipitacións e co mínimo uso de fitosanitarios?

-Teñen planificado abrir unha liña de investigación en aforro de auga para os cultivos hortícolas e frutícolas?

-Consideran oportuno establecer así mesmo liñas de investigación de cara á conseguir novas variedades resistentes a seca e ás enfermidades e plagas que esta xenera nos vexetais?

-Van reforzar o sistema investigador agrario galego para facerlle fronte á implementación das liñas de investigación necesarias para paliar ás consecuencias da seca?

-Como van achegar estes coñecementos á poboación?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 24/05/2023 10:00:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/05/2023 10:00:46

María González Albert na data 24/05/2023 10:00:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carmela González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre as perspectivas de futuro da eólica mariña en Navantia.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polas manifestación de interese realizada por Navantia para instalarse en Punta Langosteira que teñen provocado numerosas reaccións e alarma social na comarca de Ferrol ante a posibilidade de que se traslade parte da actividade de maior valor engadido.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de maio os medios de comunicación facíanse eco do interese de Navantia por instalarse en Punta Langosteira para ampliar as súas capacidades no segmento da eólica mariña, xa que conta con saturar as instalacións de Navantia Fene, actualmente dedicadas a esta área de negocio.

Esta manifestación de interese ten provocado diferentes reaccións, de preocupación por parte de todos os partidos políticos da comarca de Ferrol e de optimismo por parte do Presidente Rueda.

Por outra banda, tamén o pasado 26 de maio os medios de comunicación fixéronse eco da compra da empresa Windar polo fondo británico Bridgepoint, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo a información publicada pasarían a ter unha participación do 70% da empresa e unha posición de control no consello de administración

Esta empresa é, de feito, a que ocupa a maior parte das instalacións de Navantia Fene desde a construcción do que denominan fábrica de monopiles, a través dunha UTE coa propia Navantia na que a empresa Windar ten máis do 90% da participación, e que xa foi motivo de preocupación por parte de todos os axentes sociais da comarca, na consideración de que dedicar as instalacións de Navantia á construcción de monopiles significa restrinxir as posibilidades da propia Navantia en outros sectores más interesantes do punto de visto do valor engadido e da xeración de emprego, mesmo dentro do segmento da eólica mariña, como poden ser as Jackets que se viñan fabricando ou as plataformas offshore, por non falar da construcción naval, a anos luz nestes dous ámbitos así como en moitos outros da eólica mariña.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do nivel de espazo que ocupa a fábrica de monopiles nas instalacións de Navantia Fene?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do proxecto para eliminar as gradas de Navantia Fene?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da manifestación de interese de Navantia por instalarse en Punta Langosteira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Coñece a Xunta de Galiza cales son as necesidades de Navantia que motivan esa manifestación de interese por Punta Langosteira? Serán precisamente os proxectos offshore os que se realicen en Punta Langosteira?
- . Poderían atenderse esas necesidades no Porto exterior de Ferrol?
- . Poderían atenderse esas necesidades de espazo no Polígono Vilar do Colo? Poderían representar a ocasión para realizar dunha vez por todas a ronda oeste do Concello de Fene prometida no ano 2003 e que precisamente conectaría o Polígono Vilar do Colo co estaleiro de Navantia Fene?
- . Que valoración fai a Xunta de Galiza da compra da empresa Windar por parte do fondo de investimento británico Bridgepoint?
- . Que valoración fai a Xunta de Galiza das manifestacións realizadas polo Comité de empresa de Navantia despois do accidente mortal do día 26 de maio na fábrica de monopiles do feito de non ter acceso a esa fábrica os delegados de prevención de Navantia?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/05/2023 10:01:49

Daniel Pérez López na data 29/05/2023 10:02:01

Carmela González Iglesias na data 29/05/2023 10:02:13





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Galicia foi a primeira e é a única Comunidade na que a educación infantil é totalmente gratuíta para todos os nenos e nenas que van á escola, un dato que permitiu que a comunidade conte cunha das taxas de escolarización más altas de España, cunha porcentaxe do 50,5%, fronte ao case 42% da medida nacional.

O Goberno galego xa incluíu nos Orzamentos as partidas específicas para que as escolas infantís públicas poidan garantir esta gratuidade tamén no vindeiro curso académico e, de feito, o Consello da Xunta do pasado 11 de maio de 2023 aprobou un investimento para que as escolas infantís de iniciativa social e as privadas poidan estender esta gratuidade na atención educativa de 0 a 3 anos.

Na actualidade máis de 31.000 familias beneficiáñanse desta decisión do Goberno que preside Alfonso Rueda, deseñada de xeito que as nais e pais non teñan que realizar ningún tipo de papelame a maiores, xa que todas as xestións se realizarán entre a Xunta de Galicia e o propio centro educativo.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do compromiso de manter a gratuidade para o 100% do alumnado nas escolas infantís da nosa Comunidade?
2. A canto ascende o importe que destina o Goberno galego para estender a gratuidade tamén nas escolas infantís de iniciativa social e privada?
3. Prevese algún tipo de anticipo nas axudas dirixidas á implantación da gratuidade para o alumnado das escolas infantís de iniciativa social e privadas?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2023





PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2023 13:17:21
Nº Rexistro: 53785
Data envio: 22/05/2023 13:17:21.417

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 22/05/2023 13:12:28

María Corina Porro Martínez na data 22/05/2023 13:12:49

Noelia Pérez López na data 22/05/2023 13:13:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2023 13:13:26

López Sánchez, Rosalía na data 22/05/2023 13:13:44

José Alberto Pazos Couñago na data 22/05/2023 13:13:55

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/05/2023 13:14:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5^a**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

O Bloque Nacionalista Galego leva anos denunciando os problemas constante da atención sanitaria no concello de Catoira, anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida da veciñanza deste concello, coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que a falta de persoal é unha constante, ao non proceder á súa substitución ben sexa cando están en situación de ILT, vacacións ou permisos, o que ten como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Ao BNG téñense dirixido veciñ@s que denuncia que acumulan esperas de máis dun mes para ter un diagnóstico da súa doença ao acumularse esperas para ter a primeira cita, para realizar probas de laboratorio, para a seguinte consulta para coñecer resultados... o que significa de sufrimento e angustia, empuxando ás persoas a acudir á sanidade privada ou a automedicarse.

As crianzas pasaron de ter atención pediátrica catro días á semana a tela só un día, no mellor dos casos, sendo moi habitual que nin iso.

Neste contexto a veciñanza de Catoira ven de coñecer con enorme preocupación que o centro de saúde vai quedar sen atención de medicina de familia, ao non estar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

previsto que se substitúa a ausencia de ningún dos d@s 2 profesionais cos que conta o centro.

As consecuencias son moi graves, ao quedar sen atención médica, tendo que desprazarse até Vilagarcía, só en caso de urxencias, non tendo posibilidade de solicitar cita para cuestións non urxentes.

A veciñanza de Catoira está alarmada diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permanente. Está farta de que o PP, poña en risco a súa saúde e a súa vida. Farta de que ter atención sanitaria dependa do factor sorte, de que se dea a casualidade de que haxa profesionais no centro de saúde ou de que non estean saturados os servizos de urxencias.

Diante desta situación o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego demandámoslle ao Sergas que dunha vez por todas poña solucións, razón pola cal formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai proceder a substituír as ausencias do persoal do Centro de Saúde de Catoira tanto nas ILTs, nas súas licenzas como vacacións, para manter a asistencia sanitaria en horario completo e con persoal estable?

Coida que un goberno que se preocupe pola súa cidadanía pode deixar a todo un concello sen asistencia médica?

É consciente do problema que lle supón á veciñanza de Catoira, nunha porcentaxe importante envellecida, sen medios para desprazarse, ter que acudir a Vilagarcía para ser atendid@s?

É consciente dos prexuízos que lle causa tanto a doentes como profesionais a decisión de non substituir ao persoal?

Considera o Sergas que as crianzas de Catoira teñen unha asistencia pediátrica de calidade tendo consulta só un día á semana?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teñen intención de repoñer o servizo de pediatría, a polo menos os catro días a semana, como se viña prestando?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2023 17:15:46

Iria Carreira Pazos na data 22/05/2023 17:15:56

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2023 17:16:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Eduardo Ojea Árias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

O acceso a unha vivenda digna e alcanzable en Galicia non ten fácil solución para o Goberno da Xunta, por iso son imprescindibles normas que sexan capaces de responder ás necesidades das persoas e dos fogares con máis dificultades de acceso, por enriba de todo as persoas novas para que realicen os seus proxectos vitais e poidan acceder a unha vivenda digna a prezos alcanzables para poder emanciparse, de aí a necesidade da Lei de vivenda aprobada recentemente.

As familias con menos ingresos teñen cada vez más dificultades para acceder a unha vivenda, os prezos incrementáronse por enriba das súas posibilidades económicas. Segundo os datos do Observatorio da Vivenda de Galicia, dende o ano 2015 o prezo dos alugueiros aumentou un 29,7 %, superando o 35 % no conxunto das sete cidades. En Galicia máis de 253.000 persoas presentan carencias materiais severas o que dificulta o seu acceso a unha vivenda digna e axeitada.

No Rexistro de Demandantes de Vivenda, hai máis de 15.000 demandantes e destes o 83 % solicitan unha vivenda de promoción pública. Segundo os datos que figuran no dito rexistro, os demandantes de vivendas de alugueiro triplica ao de inmobles ofertados.

A política pública de vivenda en Galicia presenta un gran déficit e áinda más nas vivendas de promoción pública construídas directamente polo goberno.



Este discreto balance de vivenda protexida áinda é menor se nos referimos a vivendas para o alugueiro, o Goberno galego estivo ata 6 anos sen construír ningunha vivenda de protección para o alugueiro.

No que vai de lexislatura son 468 as vivendas de protección rematadas. Segundo datos do Ministerio de Transporte, en 2014 había 268 vivendas de protección, no primeiro semestre de 2022 había 12 vivendas de protección.

Sabido é da necesidade deste tipo de vivenda para o alugueiro nun momento no que a compra dunha vivenda propia se está a converter en privativa para a maioría da cidadanía galega, tanto polo incremento do valor das hipotecas, como pola mobilidade laboral e a dificultade de adaptación dos salarios á realidade diaria, motivada pola inflación xerada pola guerra de Ucraína.

O Plan de acceso a vivenda 2022-2025, ten, entre outros programas cofinanciados o de axudas ao alugueiro de vivenda, o incremento do parque público de vivenda (por certo o Goberno central mercou 98 vivendas para incrementar ese parque público, 43 a Sareb e 55 a entidades bancarias), e o da posta ao dispor da Xunta e dos concellos de vivendas libres para o alugueiro como vivenda alcanzable ou social.

No ano 2023, dentro do Plan de recuperación con fondos europeos, destínanse 29,23 millóns de € a Galicia para incrementar o parque de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente sostibles.

Inda así, a pesares de todos estes posibles investimentos en construcción de vivendas públicas para o alugueiro, a Xunta convoca a través do IGVS, máis de 28 millóns de euros, dos que 16 millóns proceden de fondos europeos aos que se engaden outras axudas procedentes do Plan estatal para o acceso a vivenda 2022/2025 cunha contía superior a 12 millóns de euros.





As políticas de vivenda, tanto de construcción para persoas vulnerables como de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, nos últimos 14 anos, indican un déficit na execución por parte da Xunta, a pesares do incremento orzamentario que se está a realizar polas distintas administracións, con fondos propios, estatais ou europeos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego da falta de construcción de vivenda pública nos últimos anos?
2. Cal é o grao de execución, relativa á construcción de vivendas públicas, dos distintos programas propios, estatais ou de fondos europeos?
3. Cales son as dificultades, se as hai, que impiden a construcción das vivendas de protección?
4. Poderá a Xunta de Galicia executar os fondos europeos, con prazo de execución ata finais do 2026 para non ter que retornar as axudas non xustificadas?

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 23/05/2023 18:28:59





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 53817
Data envio: 23/05/2023 18:30:09.623

Patricia Otero Rodríguez na data 23/05/2023 18:29:08

CSV: BOPGDSPG-yluy/q319-3
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
195178

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

No Estatuto de autonomía de Galicia establecese a competencia exclusiva da comunidade Autónoma de Galicia en materia de Vivenda. En cumprimento do desenvolvimento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto a estas políticas activas o Goberno galego aprobou o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 no que unha das liñas estratéxica é a de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana. Tema este que xa recollía o anterior plan galego de rehabilitación (Rehavita), como un dos seus eixos más importantes.

A rehabilitación é un proceso polo que un edificio, unha vivenda ou un barrio repara as súas deficiencias a través de obras e actuacións co fin de mellorar a calidade de vida das persoas que habitan nas edificacións e residen nas zonas en cuestión.

Desde o ano 2018, o Goberno de Pedro Sánchez transferiu á Xunta de Galicia preto de 300 millóns de euros para actuacións en vivendas, edificios e barrios. Este compromiso orzamentario terá continuidade este ano e os vindeiros, co obxectivo de rehabilitar 25.000 vivendas en Galicia e construír 1.200 novas vivendas sociais.



No RD 853/2021 do 5 outubro o Goberno central aprobou axudas en materia de rehabilitación residencial e vivenda social dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Un dos programas é “Programa de rehabilitación para recuperación económica e social en contornas residenciais.” Ten como obxectivo reducir o consumo de enerxía primaria non renovable do 30 % e mitigar a demanda de calefacción e refrixeración nos fogares.

Galicia recibiu para este programa 67 millóns de euros en 2021 e 81 millóns de euros adicionais en 2022, financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia.

O obxectivo destas partidas é adaptar o parque de edificios e vivendas en Galicia aos retos en materia de sostibilidade. Para iso, os programas de axuda complétanse con medidas que melloren o acceso a financiamento, fiscalidade favorable e metas establecidas de renovación do parque edificatorio residencial.

O prazo de execución vence a finais do 2026, ano a partires do cal haberá que retornar as axudas non xustificadas ou xustificar que están en desenvolvemento e nun proxecto que se poida monitorizar para verificar a súa execución.

Dada a carencia de nova construcción de vivendas para o alugueiro social, a rehabilitación de vivendas estase a converter nunha das cuestións claves que debe afrontar Galicia, con programas específicos de rehabilitación executados con fondos propios, estatais ou europeos, programas que deberían axudar a aumentar o parque de vivendas alcanzables e facilitar o alugueiro.

Galicia é unha das comunidades con máis vivendas baleiras e pendentes de rehabilitación ou reforma, que poderían formar parte do deficitario parque público de vivenda para o alugueiro social.





Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Que resultados de rehabilitación en vivendas se acadaron co “Programa de Rehabilitación para recuperación económica e social en contornas residenciais” nos anos 2021 e 2022?
2. Que grao de execución orzamentaria se realizou co “Programa de Rehabilitación para recuperación económica e social en contornas residenciais” en 2021 e 2022?
3. Hai algunha dificultade para non poder levar a cabo totalmente este programa de rehabilitación?
4. Como ten previsto o Goberno galego desenvolver este programa de rehabilitación para recuperación económica e social en contornas residenciais?
5. Será o Goberno galego capaz de executar antes de 2026 os fondos europeos para este programa de rehabilitación?

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 23/05/2023 18:52:06

Patricia Otero Rodríguez na data 23/05/2023 18:52:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1^a**, sobre a valoración da Xunta de Galiza ao respecto da inacción e pasividade do Partido Popular ante as irregularidades no financiamento e xestión de recursos públicos presuntamente cometidas por Democracia Orensana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xuño de 2019 o grupo municipal do Partido Popular en Ourense investiu alcalde de Ourense ao candidato de Democracia Orensana, Gonzalo Pérez Jácome, terceira foza máis votada nas eleccións de maio de 2019, a pesares de que, poucas semanas antes, o Presidente da Xunta e do Partido Popular de Galicia dixerá que “*Para Ourense sería letal ter a Jácome de alcalde*”. Tanto o goberno do Concello de Ourense como o da Deputación estarían conformadas pola coalición formada por D.O. e o P.P.

Segundo informacíóns recentemente publicadas en setembro de 2020 o na altura deputado do Partido Popular e secretario de organización do Partido Popular en Galiza recibiu un informe con referencia ás probas que acreditaban as informacíóns contidas nel, no que entre outros estremos facíase constar que:

Que as achegas económicas dos de concelleiros, asesores e cargos de confianza “*non son voluntarias, o Sr. Pérez Jácome exíxeas como condición previa para a contratación dos asesores*”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O criterio selectivo é en función das necesidades de traballo de quen contrata, para así poder exixir a entrega dunha importante parte da nómina”

“As achegas resultan de todo opunto desproporcionadas, xa que hai casos nos que se exixe a entrega de máis da metade do soldo. A todos exixíalles a entrega das pagas extra”

“Move aos asesores, dándolles alta e baixa, cando poden percibir prestación por desemprego dáos de baixa e mentres percibe a prestación da de alta a outro”

“Existen “asesores” falsos que non traballan e nunca traballaron nin no Concello, nin na Deputación”

O anteriormente transcrito completase con detallada e pormenorizada información sobre o proceso de facturación e destino dos fondos recibidos pola organización política do candidato de DO, investido (e sustentado) como alcalde de Ourense polo Partido Popular.

A información indicada, con expresión das probas que o acreditan, foi participada en setembro de 2020 ao deputado e secretario de organización do Partido Popular en Galiza (hoxe senador por designación autonómica, D. Miguel Tellado), sin que conste que tantas e tan graves irregularidades fosen obxecto de investigación, transmisión ou mesmo que posteriormente se adoptasen medidas para evitar a súa reiteración por parte do receptor da información ou da organización política á que pertence.

Tras suspender en setembro de 2020 o pacto de goberno e renunciar as delegacións que ostentaban os edís do Partido Popular no Concello de Ourense e sen que constase actuación fiscalizadora algunha, mesmo sen que adquirise firmeza resolución xudicial sobre a responsabilidade penal exixida por integrantes de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Democracia Orensana por parte dos feitos informados ao Partido Popular, o Secretario de Organización do Partido Popular manifesta que “Temos que devolverlle a honra a Jácome”, tras o que levanta a suspensión do pacto de governo no Concello de Ourense, asumindo delegacións de funcións, que mantiveron ate xullo de 2022 nas que lle foron definitivamente retiradas, de xeito unilateral, polo alcalde, Pérez Jácome.

Ante a gravidade, en todo caso e sen prexuízo de máis, política e institucional dos feitos contidos no informe divulgado polo diario “Público” e dos que era coñecedor o Partido Popular, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que as accións descritas supra, así como a información contida no informe divulgado polo xornal Público e que foi achegada ao Partido Popular, son susceptíbeis da exixencia de responsabilidade política ou entende que son actitudes honrosas e honorábeis?

Entende que o receptor de información de tal consideración sobre o emprego e destino de recursos públicos debe realizar algunha actuación para comprobar a veracidade das mesmas e adoptar medidas para evitar a súa reiteración?

Os asesores deben ser contratados en función da súa capacidade económica e disponibilidade para realizar doazóns a unha organización política ou en función da súa cualificación para o posto ao que se destina?

Que actuacións debería realizar a responsable político que coñece da existencia de “asesores” contratados por unha institución pública que non realizan traballo algún para a entidade que lles paga?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a pasividade do Partido Popular ao coñecer a posibilidade de que aproveitando unha situación de necesidade a unha traballadora se lle estea pagando por baixo do salario mínimo interprofesional?

Á vista da información publicada, e xa coñecida polo Partido Popular, ten a Xunta de Galiza previsto realizar algunha actuación en defensa dos dereitos das traballadoras e da legal utilización dos recursos públicos?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/05/2023 10:32:24

Xosé Luis Bará Torres na data 25/05/2023 10:32:48

Noa Presas Bergantiños na data 25/05/2023 10:32:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as actuacións do goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galiza diante da inxerencia ao autogoberno fiscal e ante o rexeitamento por parte do Tribunal Constitucional do recurso presentado polo goberno galego respecto da Lei 11/2021 no ámbito das herdanzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo trae canda si unha fragrante vulneración do dereito civil galego e do autogoberno do noso país.

Durante a tramitación foron moitas as voces que alertaron da tremenda confusión na que o goberno central estaba a incorrer e o propio Parlamento Galego pronunciouse maioritariamente, aínda que a diferenza de ocasións anteriores non de forma unánime, contra dita vulneración.

Así as cousas, en xuño de 2021 a Comisión Superior de Dereito Civil alertaba dos efectos dos cambios normativos. Na mesma liña, o pasado mes de xullo a Xunta de Galiza avanzaba en sede parlamentar novamente, en palabras do entón Conselleiro de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Facenda. Don Valeriano Martínez, que estaba a estudar as vías legais oportunas para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses de todos os galegos e galegas.

En setembro de 2021 coñecíase pola prensa que o goberno central, a través do Ministerio de Política Territorial accedía a iniciar negociacións coa Xunta de Galiza para resolver as discrepancias existentes.

En novembro de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza o acordo da Comisión Bilateral, punto de partida para a creación dun grupo de traballo.

Con independencia das fondas discrepancias que este Grupo Parlamentario ten co Grupo de goberno e coa política fiscal da Xunta de Galiza respecto da imposición no ámbito das transmisións e do patrimonio, resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias, sexa unha práctica de evasión fiscal. Trátase dun debate diferenciado e é evidente que, de manterse o texto actual, malia a lixeira mellora producida durante a súa tramitación, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas, máis áinda nun momento de crise económica onde o uso dos bens que posúen as familias para saír adiante é máis do que esperábel.

No acordo tomado o 24 de xuño de 2021 incluíase un punto terceiro no que se dicía “no caso de que sexa aprobada esta norma sen a supresión do citado artigo, empregue todas as ferramentas e recursos xurídicos ao seu alcance para defender a autonomía financeira, as competencias da Comunidade Autónoma e a defensa dos intereses dos galegos e das galegas”. Nesta liña, a Xunta presentaba finalmente un recurso ante o Tribunal Constitucional que este admitía en maio de 2022.

O pasado 24 de maio de 2023 coñecíase pola prensa que o Tribunal Constitucional rexeitaba o recurso do goberno galego, con dous votos particulares. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta situación súmanse outras inxerencias en materia fiscal que deixan un escenario nada satisfactorio para o respecto dos ámbitos de decisión galegos.

É preciso coñecer a valoración do goberno galego e valorar conxuntamente, desde unha perspectiva de país, este novo escenario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3^a:

Que valoración fai o goberno galego da situación após o pronunciamento do Tribunal Constitucional de cara a defender o autogoberno financeiro e o respecto ao desenvolvemento do dereito civil de Galiza?

Cal é o resultado das negociacións da Xunta co Estado? Vai solicitar o goberno galego unha comisión bilateral ao respecto?

Valora o goberno galego o estudo dalgún tipo de estudo para defender a posición de Galiza?

E algunha outra actuación so o ámbito do dereito?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños
Ramón Fernández Alfonzo**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/05/2023 12:02:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/05/2023 12:02:42

Daniel Pérez López na data 25/05/2023 12:02:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Castro García, Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3^a**, sobre o poder adquisitivo dos salarios do Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo, que inclúe tamén o comercio metal, rematou o período da súa vixencia o pasado 31 de decembro do ano 2021.

Na actualidade estase desenvolvendo o proceso de negociación entre as partes, mais a negativa da patronal a aceptar establecer no convenio unha cláusula de revisión salarial que garanta a actualización dos salarios conforme ao IPC real ten desembocado nun conflito social que xa acumula varias xornadas de folga.

O certo é que última suba salarial do sector afectado pola aplicación deste convenio foi de 2,5% no ano 2021, cando o IPC chegou no estado español ao 6,5% e na Galiza ao 6,7%, e que ao ano seguinte, xa sen suba de ningún tipo, o IPC chegou ao 5,7% e máis ao 6,4% respectivamente, e no presente ano o IPC acumulado até abril está no 1,7% e máis no 1,5%, tamén respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar que desde o ano 2021 o IPC acumulado é de 14,6 puntos aquí na Galiza, mentres que neste período os salarios do persoal das industrias da siderometalurxia de Lugo viron incrementados os salarios en 2,5%, é dicir, levan acumulada unha perda de poder adquisitivo de 12,1 puntos en menos de dous anos e medio.

A representación sindical do persoal do sector, dos tres sindicatos maioritarios na Galiza, manifestan con rotundidade que a situación é insostíbel para uns salarios xa moi baixos, de feito más baixos que os dos convenios do mesmo sector das outras provincias galegas, e chaman a atención sobre o impacto social e económico para toda a provincia en xeral dos salarios dun colectivo que estiman pode chegar ás 5.000 persoas.

Desde o BNG consideramos de vital importancia que o goberno galego se implique activamente para evitar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, garantindo un poder de compra fundamental para sostener a economía en xeral e nomeadamente a economía da hostelería e do comercio local, sempre os sectores más afectados pola redución do gasto das familias.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3^a:

. Coñece a Xunta de Galiza a diferencia entre os salarios medios da provincia de Lugo e os salarios medios do estado español? Que valoración fai o goberno galego desta diferencia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece a Xunta de Galiza a diferencia entre os salarios do Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo e os do mesmo sector das outras provincias galegas? Que valoración fai o goberno galego desta diferencia?

. Coñece a Xunta de Galiza o impacto dos salarios do persoal afectado polo Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo na economía provincial? Como valora o goberno galego ese impacto nos pequenos negocios de hostelaría e comercio?

. Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para evitar que o persoal afectado polo Convenio colectivo para as industrias da siderometalurxia da provincia de Lugo siga perdendo poder adquisitivo?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Carmen Aira Díaz

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/05/2023 16:56:34

Daniel Castro García na data 25/05/2023 16:56:41

Daniel Pérez López na data 25/05/2023 16:56:48

María del Carmen Aira Díaz na data 25/05/2023 16:56:59

Olalla Rodil Fernández na data 25/05/2023 16:57:07

A MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 8^a**.

O pasado 21 de febreiro a Comisión Europea presentaba un paquete de 4 comunicacóns en materia de pesca:

- 1.- Un plan de acción para a conservación dos recursos pesqueiros.
- 2.- Informes de funcionamento sobre a Política Pesqueira Común.
- 3.- Informes sobre a Organización Común de Mercados.
- 4.- Comunicación sobre a descarbonización do sector.

No relativo ao plan de acción este resulta decepcionante, xa que non realiza un enfoque equilibrado entre a política pesqueira e medioambiental, xa que non ten en conta a dimensión socioeconómica da pesca. Introduce ademais actuacións para limitar e prohibir a pesca de arrastre de fondo en áreas mariñas protexidas de forma xenérica, sen considerar que non todas as artes de fondo teñen o mesmo impacto.

Polo tanto, resulta imprescindible realizar, antes de adoptar novas medidas por parte da CE, un traballo científico sólido e actualizado que considere os puntos de vista biolóxico, económico e social. A CE debe definir un enfoque estratéxico e socioeconómico antes de acometer novas medidas que afecten á pesca.

Con esta nova ofensiva da CE contra a pesca de arrastre, de levarse adiante, tamén suporá afectar, limitar e prohibir outras artes como xa ten acontecido co palangre de fondo por exemplo. Bruxelas insta aos Estados Membros a presentar medidas antes de marzo do ano 2024 para eliminar a pesca do arrastre do 20 % das áreas mariñas protexidas para en 2030 expulsala de todas.

Existe amplio consenso entre as administracións e o sector para esixirle á CE que non aplique vedas ás artes de fondo baseadas nun único informe. Piden que retire a súa intención de ampliar de 87 a 102 ou 115 as vedas ás artes de fondo fundamentándose nun informe feito a partir da pegada do arrastre e o propio sector considera que este informe científico, da pegada do arrastre, non é o axeitado para tomar decisións sobre todas as artes fixas, solicitando a Bruxelas un documento específico para cada unha delas.



Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego, posteriores á comparecencia da conselleira do Mar no Pleno desta Cámara para explicar o paquete de medidas presentada pola CE, de cara a reverter a proposta da CE de ampliar as zonas de veda para as artes de fondo?
2. Que actuacións ten pensado levar adiante a Xunta de Galicia de cara a presionar á CE para que non aplique a ampliación das zonas de veda ás artes de fondo?

Parlamento de Galicia, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 25/05/2023 16:58:25

Julio Torrado Quintela na data 25/05/2023 16:58:41





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Recentemente, a sociedade galega está sendo coñecedora a través dos medios de comunicación do aumento de incidencias motivadas pola desaparición de persoas.

Na prevención destes sucesos e nos posteriores traballos, unha vez se teñen producido, xogan un importante papel tanto as administracións públicas, no eido da coordinación, como as forzas e corpos de seguridade do Estado nas actuacións derivadas.

Os desenvolvimentos nas técnicas de intervención e os avances no emprego das novas tecnoloxías, foron publicamente recoñecidos como un dos principais factores da prevención e da mellora na resolución destes sucesos.

Por iso, e coa finalidade de informar á cidadanía dos avances producidos neste eido, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medios de innovación se están poñendo a disposición da resolución de casos de desaparición de persoas?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/05/2023 17:26:50

José Manuel Rey Varela na data 25/05/2023 17:27:11

María Sol Díaz Mouteira na data 25/05/2023 17:27:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Teléf. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/05/2023 17:29:42
Nº Rexistro: 53870
Data envio: 25/05/2023 17:29:42.114

Ana Belén García Vidal na data 25/05/2023 17:27:39

José Alberto Pazos Couñago na data 25/05/2023 17:27:52

Noelia Pérez López na data 25/05/2023 17:28:13

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/05/2023 17:28:31



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Felisa Rodríguez Carrera, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os orzamentos da Dirección Xeral de Administración Local para o ano 2023 , tendo en conta a importante demanda e os resultados acadados polas convocatorias de axudas específicas destinadas as asociacións veciñas de Galicia nos exercicios anteriores, asignan 3.000.000€ a unha nova convocatoria desta orde de axudas co fin de continuar colaborando e fomentando e dinamización do asociacionismo veciñal, recoñecendo o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá.

A través desta convocatoria de axudas o Goberno galego ven a recoñecer o importante labor das asociacións de veciños, asociacións de mulleres rurais e as comunidades de usuarios, coma baluartes da cultura democrática e participativa. Estas entidades representan uns dos más importantes instrumentos de participación cos que conta a Administración Local, por esta razón compe colaborar na dinamización e impulso do asociacionismo coma eixe fundamental do dereito de participación, recoñecido polo artigo 23 da Constitución, e como colaboradores necesarios da Administración Local no exercicio das súas competencias.

No DOG núm. 11, do 17 de xaneiro de 2023 publicouse a Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñas, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Teléf. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Polo exposto, os deputados asinantes formulañan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as liñas básicas da regulación da Orde do 17 de xaneiro de 2023 que convoca as axudas á dinamización do asociacionismo veciñal e as principais novedades respecto das convocatorias de anos anteriores?

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/05/2023 17:50:42

José Manuel Rey Varela na data 25/05/2023 17:51:01

María Sol Díaz Mouteira na data 25/05/2023 17:51:17

Ana Belén García Vidal na data 25/05/2023 17:51:29

José Alberto Pazos Couñago na data 25/05/2023 17:51:51

Noelia Pérez López na data 25/05/2023 17:52:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/05/2023 17:52:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar no Centro de Saúde de Catoira para cubrir a ausencia do persoal facultativo.

